



ANEXO II

I. SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR

- Número de membros que compoñen a unidade familiar

- Número de membros que non formando parte da unidade familiar estean a cargo desta

- Número de membros, incluída/o a/o solicitante, con enfermidade ou discapacidade

Tipo de enfermidade ou discapacidade:

	Nai	Pai	Outros membros
Discapacidade	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Enfermidade crónica que requira internamento periódico	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Alcoholismo ou drogodependencias	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
- Condición de familia monoparental	<input type="radio"/>	Si	<input type="radio"/> Non
- Ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	<input type="radio"/>	Si	<input type="radio"/> Non
- Condición de familia numerosa	<input type="radio"/>	Si	<input type="radio"/> Non
- Condición de fillo/a de persoal do centro	<input type="radio"/>	Si	<input type="radio"/> Non
- Condición de familia acollidora	<input type="radio"/>	Si	<input type="radio"/> Non

- Irmá/án con praza renovada ou de novo ingreso no centro para o vindeiro curso

Nome da/o nena/o

- Calquera outra circunstancia familiar grave

II. SITUACIÓN LABORAL

Nai

Pai

Ocupación laboral

Desemprego

Outras situacións



ANEXO II  
(Continuación)

III. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- A fotocopia do DNI ou outro documento acreditativo da identidade da/o nai/pai, acolledor/a ou representantes legais segundo proceda.
- A fotocopia do libro de familia, no seu defecto outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- A fotocopia o título de familia numerosa, de ser o caso.
- No caso de nenas/os con discapacidade ou necesidades educativas especiais, os informes do Equipo de Valoración e Orientación das xefaturas territoriais das consellerías competentes na materia ou da Unidade de Atención Temperá segundo proceda.
- A resolución de acollemento.
- Nos casos de non estar censado no concello onde estea o PAI, pero algún dos proxenitores ou representante legal da crianza teña o seu posto de traballo no municipio no que estea o PAI, achegarse o certificado da empresa, institución ou administración correspondente.
- No caso de estar censado nun concello limítrofe a aquel onde radica o PAI, o certificado de empadramento do concello do que procede.
- A certificación correspondente no caso de que algún membro da unidade familiar estea afectado de discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou enfermidade que requira de internamento periódico ou padeza enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.
- A condición de familia monoparental acreditarase coa fotocopia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno-filiais.
- Outros documentos se procederen, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais susceptibles de puntuación no baremo. O informe dos Servizos Sociais do Concello ou da Administración autonómica nos supostos en que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial en que viva a unidade familiar.
- A copia da última nómina ou a xustificación da situación laboral no momento da solicitude con especificación da xornada laboral.
- A certificación expedida polo SEPE acreditativa das prestacións percibidas, de ser o caso ou de estar inscrito como demandante de emprego.

- No suposto de profesionais liberais e autónomas/os, o certificado expedido pola Administración estatal da Axencia Tributaria que acredite a alta no IAE e o último recibo do pagamento da cota á Seguridade Social ou o certificado da mutualidade profesional.
- A copia da declaración do IRPF do exercicio anterior (2018) de todos os membros da unidade familiar. Para o suposto de que non se teña presentada, a persoa interesada deberá asinarlle a correspondente autorización ao Concello para obter os datos de carácter tributario necesarios para determinar a renda da unidade familiar. Para ambos os efectos todos os membros con ingresos que compoñen a unidade familiar deberán asinar a dita solicitude .
- No suposto de percibir pensión, o certificado expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou da Administración autonómica pagadora desta.
- Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio, considérase a renda de quen exerza a garda e a custodia do/a menor e a pensión compensatoria que perciba o cónxuxe que a ostente e de alimentos dos/as fillos/as ao seu cargo. No caso de non as percibiren, acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada para o efecto.

## BAREMO

1. SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR		PUNTOS
1.1	Por cada membro da unidade familiar (Só para os supostos do cálculo da renda per cápita, incrementarase o número real de membros da unidade familiar nun 0,8 puntos no suposto de familias monoparentais)	2
1.2	Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta	1
1.3	No caso de que a/o nena/o para o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple	1
1.4	Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade física, psíquica ou sensorial, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2
1.5	Pola condición de familia monoparental	3
1.6	Por ausencia do fogar familiar dos dous membros parentais	6
1.7	Por irmán/á/áns/ás con praza renovada na escola	3
1.8	Pola condición de familia numerosa	3
1.9	Por calquera circunstancia familiar grave debidamente acreditada	3



2. SITUACIÓN LABORAL		PUNTOS
2.1	Situación laboral de ocupación	
	Pai	3
	Nai	3
	Representante legal	3
2.2	Situación laboral de desemprego	
	Pai	2
	Nai	2
	Representante legal	2

Adxudicarase a puntuación do epígrafe correspondente multiplicada por dous, no caso de familias monoparentais.

3. SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente)	PUNTOS
Inferior ao 25% do IPREM	+4
Entre o 25% e o 50% do IPREM	+3
Entre o 50% e o 75% do IPREM	+2
Entre o 75% e o 100% do IPREM	+1
Entre o 100% e o 125% do IPREM	-1
Entre o 125% e o 150% do IPREM	-2
Entre o 150% e o 200% do IPREM	-3
Igual ou superior ao 200% do IPREM	-4

No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa, e tras aplicar este criterio terán preferencia as solicitudes de xornada completa sobre a media xornada.